

**Acta núm. 18/2025.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 11 de novembro de 2025.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
María Rosa Romero Fariña.
Carlos Noya Pereira.
José Antonio Vidal González.
Non asiste:
Sandy Marie Cebal Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 12:00 horas do 11 de novembro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 17/2025, DO 28/10/2025.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.
- 3º) COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 4º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 5º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 6º) MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 7º) PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 8º) ESTABLECEMENTO DE PREZO PÚBLICO.
- 9º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 17/2025, DO 28/10/2025.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 28.10.2025, acta núm. 17/2025.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EMILIA SEOANE RODRÍGUEZ, na que comunica que vai executar obras de mantemento na vivenda sita na Urbanización Monte Devesa nº 42 – Os Ánxeles, consistentes en:

- Limpeza da cuberta da vivenda e substitución das tellas que se atopen en mal estado por outras novas das mesmas características.
- Limpeza de fachadas e reparación das gretas existentes nas mesmas.

A edificación (referencia catastral 6246138NH2464N0001GD) na que se van executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 70,00 euros.

Total: 70,00 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PASCUAL GALLEGO DELGADO, na que comunica que vai construír un peche de parcela no lugar de Casaldoeiro nº 13 – Bastavales, coas seguintes características:

- Peche na fronte de parcela (58 ml) a executar con base de formigón ata unha altura de 1,20 metros, columnas de pedra intercaladas e coroadas con tablas de aluminio separadas.
- Peches no linde esquerdo e no fondo da parcela (90 ml + 58 ml) a executar con base de formigón revestida ata unha altura de 0,40 metros, postes intercalados e rematado con arameira por enriba.

A parcela (referencia catastral 7511411NH2471S0001LB) onde se pretenden executar as obras atópase clasificada como solo de núcleo rural /SNR), séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche frontal afastarase como mínimo a 5,50 metros do eixo do vial, debendo respectar o espazo de resío que figura no plano de emprazamento do proxecto que serviu de base para a concesión da licenza de obra da vivenda. A altura máxima do mesmo será de 1,80 metros e a base deberá de quedar convenientemente revestida e pintada en tons claros. A parte diáfana a executar en lamas de aluminio, disporanse separadas, debendo manter unha opacidade máxima do 50%, que permitan a visión do interior da parcela.
- O peches lateral esquerdo e posterior (fondo de parcela) terán unha altura máxima de 1,80 metros, e a base dos mesmos deberá de revestirse e pintarse en tons claros.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 171,25 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 235,82 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN LÓPEZ RICO, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta soterrada de poliéster, nunha parcela sita en Babenzo nº 20 – Bastavales. A piscina terá unhas dimensións de 9 m. de longo x 4 m. de ancho e unha profundidade variable de 1,10 a 1,45 m.

A parcela (referencia catastral 8223108NH2482S0001BK) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de

aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste, ordenanza nº 8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A piscina debe de afastarse como mínimo a 5 metros do eixo dos camiños (2) de acceso á vivenda e a 3 metros dos lindeiros particulares da parcela.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 339,00 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 403,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Fabián García Núñez, que di actuar en representación de BERNICE FINN KIERAN, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Liñares 33 -Brión, substituíndo a cobertura existente por outra das mesmas características (tella cerámica curva).

A vivenda (referencia catastral 5852802NH2455S0001AU) sobre a que se pretenden executar as obras está emprazada dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 453,22 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 517,79 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL ROCÍO HERNÁNDEZ RAMOS, na que comunica que vai limpar a cuberta da vivenda de Agro Novo 32 – Os Ánxeles. Tamén vai substituír as tellas que se atopen en mal estado por outras de similares características.

A vivenda (referencia catastral 6346106NH2464N0007DL) na que se van executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 13,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 78,17 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ana María Brenlla Romarís, que di actuar en representación de GLORIA CHOUSA NÚÑEZ, na que comunica que vai executar obras de reforma da cuberta dun pequeno alpendre de 23,40 m² construídos, anexo á vivenda unifamiliar sita na Avenida Santa Minia nº 20 - Brión. As obras consonte coa memoria técnica asinada pola arquitecta técnica Ana María Brenlla Romarís, con visado colexial de 25.09.2025, consisten en substituír a cuberta do mesmo (estrutura da cuberta en madeira e cubrición de tella cerámica), mantendo a superficie construída. Sobre a nova cuberta instalaranse 10 paneis fotovoltaicos, de xeito coplanario a mesma, consonte coa memoria técnica asinada en data 31.10.2025 polo instalador autorizado Ignacio Blanco Casais.

A parcela (referencia catastral 6357816NH2465N0001MU) sobre a que se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 214,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 279,17 euros.

g) Deuse conta dun escrito de DIGI SPAIN TELECOM S.L., no que comunica que vai executar o despregue de fibra óptica FTTH no Concello de Brión. As obras consonte co plan de despregue asinado polo enxeñeiro técnico de telecomunicacións Antonio Paniagua Torija, asinado dixitalmente en data 05.08.2025, executaranse nas seguintes condicións:

- O despregue de fibra non afectará a edificios do patrimonio histórico artístico ou que poida verse afectada a seguridade pública derivada de dita actuación.
- O despregue de fibra levarase a cabo por canalizacións/tendidos existentes, en principio, e non se requirirá a realización de obras.
- De ter que realizarse obras, a empresa tramitará ante este concello o preceptivo título habilitante de natureza urbanística, xa sexa licenza ou comunicación previa.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable asinada en data 16.07.2025 por Ignacio Herreros Margarit, en representación de DIGI SPAIN TELECOM, S.L., e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 850,96 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 915,53 euros.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Francisco Javier Fernández Echeverría, que di actuar en representación de KARINA RARIS CASTRO, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda situada en Guisande 21 – Os Ánxeles.

Con data 28.11.2023 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a KARINA RARIS CASTRO, para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar e instalación de piscina no lugar de Guisande 21 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 13.01.2023 e documentación complementaria visada con data 17.11.2023 (Expte. 2300103).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto F. Javier Fernández Echeverría, con data 22.04.2025, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 09.07.2025, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

CUARTO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Annie Daniela Cruz Malpica, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Sabaxáns 89 - Bastavales, abrindo unha gabiá de 7 metros de lonxitude sobre un vial municipal segundo o proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez en data 16.09.2025.

A vivenda obxecto de subministro (referencia catastral 15013B503635970000MM) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 252,89 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 50,58 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total:115,15 euros.

QUINTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Carmen Pérez Pérez, que di actuar en representación de SUSANA ÁLVAREZ MILLÁN e CARLOS ROHJER RONDÓN GONZÁLEZ, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e piscina en Romarís 25 – Bastavales, segundo proxecto básico asinado pola sociedade Lagom Arquitectura, S.L.P., visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 28.05.2025 (expte. 2502894) e documentación complementaria asinada con datas 10.09.2025 e 03.10.2025 por Lagom Arquitectura S.L.P.

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 7708903NH2470N0001QK) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e atopase dentro da zona de policía do rego Osebe (Codrio 2441002002).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 02.10.2025, (clave DH.W15.110859), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Consonte co disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o inicio das obras autorizadas esixirá a presentación no concello dunha comunicación previa, acompañada do correspondente proxecto de execución e da documentación complementaria que proceda (oficio de dirección de execución da obra e nomeamento do coordinador de seguridade e saúde).

Coa devandita comunicación previa achegarse, ademais, un documento asinado pola persoa técnica que redactase o proxecto de execución, onde sinale que este se axusta e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións substanciais.

Se o proxecto de execución modifica de forma substancial o proxecto básico autorizado, a persoa interesada deberá solicitar previamente a modificación da licenza outorgada coa documentación esixida, e non poderá iniciar a obra en tanto non a obteña.

Para estes efectos, terán a consideración de modificacións substanciais do proxecto básico os cambios de uso, así como aquelas que afecten as condicións de volume e forma dos edificios, a posición e ocupación do edificio na parcela, a edificabilidade, as alturas, os retranqueos e a separación a linde, o número de vivendas, as condicións de seguridade e outras de análoga incidencia.

- A obra axustarase estritamente ao antedito proxecto asinado pola sociedade Lagom Arquitectura S.L.P., visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 28.05.2025 (expte. 2502894), documentación complementaria asinada con datas 10.09.2025 e 03.10.2025 por Lagom Arquitectura S.L.P., e ás condicións recollidas na autorización de Augas de Galicia de data 02.10.2025, (clave DH.W15.110859).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (33,75 m² asinados en documento administrativo de cesión), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formación de beirarrúa de 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e piscina, non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha nova solicitude.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 33,75 m², destinados a regularización do viario, previsto no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 29 de outubro de 2025.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.578,25 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.674,28 euros.

SEXTO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de JOSE LUÍS BALO MOSQUERA e MARÍA DEL CARMEN MIGUEL LOSADA, na que solicita a modificación da licenza concedida para construír unha vivenda unifamiliar, unha edificación auxiliar e unha piscina na Rúa Santiago 39, Os Ánxeles, segundo proxecto reformado do básico e de execución, asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado o 03.01.2022 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e documentación complementaria visada con data 04.04.2025 e 23.10.2025 (expte. 2004421).

Antecedentes:

1.- En sesión da Xunta de Goberno Local de data 03/08/2021 concedeuse licenza José Luís Balo Mosquera e María del Carmen Miguel Losada, para construír unha vivenda unifamiliar, unha edificación auxiliar e unha piscina na Rúa Santiago 39, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 14.09.2020 (expediente 2004421).

2.- En sesión da Xunta de Goberno Local de data 09/05/2023 aceptouse a cesión efectuada de 66 m², destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 20.a) da Lei 2/2016. do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 2 de maio de 2023.

3.- En data 18/03/2025 solicítase modificación da licenza de tal xeito que se pretende modificar a superficie construída, a edificabilidade e a ocupación, segundo o proxecto reformado do básico e de execución, asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado o 03.01.2022 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e documentación complementaria visada con data 04.04.2025 e 23.10.2025 (expte. 2004421).

O motivo da solicitude é a nova medición da parcela que modifica a superficie de terreo en solo urbano, sen modificar a superficie de cesión ao concello, e a ampliación da superficie construída; modificándose a implantación da edificación no terreo, a edificabilidade e a ocupación.

A Xunta de Goberno Local, á vista da nova autorización de Augas de Galicia, de data 13.08.2025 (clave DH.W15.108910) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a modificación da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do 03/08/2021, a favor de JOSE LUÍS BALO MOSQUERA e MARÍA DEL CARMEN MIGUEL LOSADA para construír unha vivenda unifamiliar, unha edificación auxiliar e unha piscina na Rúa Santiago 39, Os Ánxeles, conforme co proxecto reformado do básico e de execución, asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado o 03.01.2022 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e documentación complementaria visada con data 04.04.2025 e 23.10.2025 (expte. 2004421) e manténdose no demais as condicións da licenza inicial que despreparará tódolos seus efectos salvo no referido ás presentes modificacións, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

SÉTIMO.- PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Rosa María Facal Varela, que di actuar en representación de INÉS MARTÍNEZ MARTELO, na que solicita prórroga do prazo para o remate das obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Brans de Abaixo nº 41- Brión.

Antecedentes:

- A Xunta de Goberno Local en data 25.10.2022 concedeu licenza de obra a Inés Martínez Martelo para construír unha vivenda unifamiliar e piscina en Brans de Abaixo nº 41 - Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 20.05.2022 e documentación complementaria visada en data 13.10.2022 (Expte 2107394).
- A Xunta de Goberno Local en data 01.08.2023, concedeu modificación da licenza a Inés Martínez Martelo para construír unha vivenda unifamiliar e unha piscina en Brans de Abaixo 41, Brión, concedida pola Xunta de Goberno Local en data 25.10.2022, segundo o proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Rosa M. Facal Varela, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 28.06.2023 (Expte. 2107394).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder unha prórroga de 3 anos, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o remate das obras.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos.

OITAVO.- ESTABLECEMENTO DE PREZO PÚBLICO.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía do 30.10.2025 de prezo público para a asistencia ás actividades de Concilia Nadal 2025, e Concilia Entroido e Concilia Pascua 2026.

Vistos o informe técnico do departamento de servizos sociais do 30.10.2025 e o informe de intervención do 04.11.2025.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que

do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o seguinte prezo público para a asistencia ás actividades de Concilia Nadal 2025, e Concilia Entroido e Concilia Pascua 2026.

- Concilia Nadal 2025: 25,00 €/participante.
- Concilia Entroido 2026: 7,50 €/participante.
- Concilia Pascua 2026: 10,00 €/participante.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio no BOP.

NOVENO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 12,25 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González